

Suxestión ao concello de Manzaneda de establecer e axilizar mecanismos de cooperación co concello de Pobo de Trives e a Deputación de Ourense para mellorar a seguridade viaria nas vías obxecto desta queixa.

Expediente: L.4.Q/9598/22

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención un veciño dese concello.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos a súa preocupación polo mal estado da estrada que une Manzaneda con Paradela de Manzaneda, estrada utilizada a miúdo por tráfico pesado dunha explotación de ganado porcino que está en Paradela, o que fai que a estrada sufra moitos danos poñendo en perigo a seguridade viaria dos vehículos que a usan.

Ante iso requirimos informe en primeiro termo ao concello de Manzaneda que nolo remitiu co seguinte contido:

1º.- Que a citada estrada é de titularidade municipal segundo o Decreto 153/2013 da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 12 de setembro, polo que se aproba a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do Concello de Manzaneda, co código de estrada OU-44005 denominación Manzaneda (OU-701) estación Cabeza de Manzaneda de lonxitude 9361m e radio mínimo 12,68 m e ancho medio 3,97m.

2º.- No pleno celebrado o 02/02/2018 acordouse aprobar a solicitude inicial da cesión da vía municipal mencionada á Deputación de Ourense. Posteriormente confeccionada polo servizo de vías e obras da Deputación de Ourense a memoria descritiva da estrada OU 44005 a ceder polos concellos de Trives e Manzaneda co reflectido no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 16 de maio polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia,

con publicación inicial do D.O.G, do 20 de xuño e corrección de erros no D.O.G de 3 de agosto, o pleno da corporación de Manzaneda de 9 de xullo de 2019, aprobouse dita memoria e petición da cesión da estrada no que atinxe ao término municipal de Manzaneda. O 24 de xullo de 2019, remitiuse copia de todo expediente á Administración Provincial polo rexistro da sede electrónica da Deputación de Ourense número rexistro 2019025186.

3º.- A data vixente non se aprobou a cesión pola parte da Administración Provincial.

4º.- (..) Considerase de vital importancia a cesión da estrada OU-44005 Manzaneda (OU-701) estación Cabeza de Manzaneda a Deputación de Ourense, pola maior viabilidade técnica e económica de este ente provincial en prol dispoñer da estrada mencionada nas condición que se merecen para favorecer a comunicación ca estación de montaña de Manzaneda que converxa nun mellor desenvolvemento de Manzaneda e da Comarca de Terra de Trives.

5º.- Con todo na anualidade 2019 con aportación municipal o concello de Manzaneda procedeu a realizar o aglomerado do primeiro tramo da vía dende o pk 00 a pk 0+500, 2500 m2 e en outubro de 2022 procedeuse a bacheo do firme e dobre rega asfáltica ECR nos tramos pk 1+300 a 1+811: 2555 m2 a través das subvencións Agader do plan de mellora de camiños municipais.

O tramo no que se actuou no último trimestre do 2022, correspondía a tramo de elevada pendente e curvas, sendo un dos tramos de peor estado inicial de comunicación co núcleo de Paradela.

Visto o contido do informe municipal, con data 23/03/2023 dirixímonos á Deputación de Ourense requirindo información ao respecto da vía e da situación da tramitación da cesión da vía. A Deputación respondeu o seguinte:

Visto o escrito remitido polo Alcalde do Concello de Manzaneda de data 14/02/2023 no que se solicita información sobre o seguimento do expediente de cesión da vía referenciada e dos motivos para non concluír o expediente de cesión, informo que:

Revisadas as actuacións que obran no expediente 2018/3421R, cesión a Deputación das estradas MANZANEDA (OU-0701)-ESTACIÓN DE MONTAÑA (E ESTRADA SAN XOÁN DE BARRIO-LÍM PROVINCIA DE LUGO (OS CASARES) expediente 1227S). Concello de Trives. Concello de Manzaneda, consta no mesmo notificación de data 24/09/2019 ao Concello de Manzaneda dando conta da imposibilidade de continuar co trámite por non terse recibido a probación plenaria do Concello de A Proba de Trives.

Finalmente, visto o contido do informe provincial, requiriuse información ao concello de Pobo de Trives que remitiu o seguinte:

O Concello de A Pobra de Trives comunicou en dúas ocasións a cesión do tramo da súa propiedade á Deputación Provincial de Ourense e ésta non deu resposta.

Polo que compete o Concello de A Pobra de Trives, recentemente procedeuse a mellora do tramo de vía que lle corresponde, arranxo que se fixo sen a colaboración económica da Deputación Provincial de Ourense.

A día de hoxe o Concello de A Pobra de Trives segue esperando unha resposta da Deputación Provincial de Ourense en relación a cesión.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa do mal estado da estrada Manzaneda (OU-0701)-Estación de montaña e estrada S. Xoán de Barrio-Límite provincial con Lugo (Os casares). Segundo se informa por parte das administracións, este vial transcorre ao longo de dous municipios distintos e afecta, así mesmo, a un tramo de competencia provincial.

Do informado despréndese que hai unha certa discrepancia entre os concellos e a Deputación arredor da responsabilidade no mantemento da vía aínda que se aprecia vontade por parte dos concellos e do Ente provincial para levar a cabo unha renovación do firme da mesma e unha mellora desta infraestrutura.

SEGUNDA. Tal e como pode comprobarse, a estrada da que se fala atravesa áreas de montaña da provincia de Ourense e descorre por zonas afectadas polos rigores climatolóxicos, especialmente no inverno, o que afecta á situación do firme. A maiores, tanto o tráfico pesado de cuxa existencia se informa no propio texto da queixa como a orografía do terreo dificultan a seguridade viaria da estrada.

Neste sentido, cómpre lembrar que as condicións meteorolóxicas adversas (néboa, choiva, vento...), trazado das estradas, iluminación deficiente de puntos perigosos como interseccións e, ademais, o estado e conservación do firme xunto coa deficiente sinalización son factores a ter moi en conta nas causas que provocan os sinistros

viarios. Ao mesmo tempo, o estado das estradas é causa dunha porcentaxe de avarías en vehículos. Unha estrada en mal estado pode ser causa de contratempos ao volante e de danos no automóbil. A presenza na calzada de gretas, fochancas, fochas, ou outro tipo de deformacións incrementan o risco de sufrir un sinistro, ben por unha perda de control do vehículo ou por producir un dano no mesmo que remate por afectar á seguridade tanto das persoas ocupantes como doutros vehículos ou de peóns.

TERCEIRA. As Administracións públicas traballan polo interese xeral, polo que na súa actuación deben facer todo o posible para servir da mellor maneira posible á cidadanía e salvaguardar o interese público. Nese sentido, cooperarán unhas con outras, acordando a forma na que exercerán as súas competencias. O artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público expón as distintas técnicas de cooperación posibles entre administracións públicas.

A Estratexia de Seguridade Viaria 2030 é o marco nacional de referencia para todas as partes implicadas na política de seguridade viaria. Dentro desta Estratexia hai distintos obxectivos e medidas para alcanzalos, entre elas a definición dun modelo nacional, compartido entre as diferentes Administracións públicas (estatal, autonómico e provincial), de aplicación dos principios do Sistema Seguro á rede viaria española ou as actuacións que as entidades locais poden, coa cooperación doutras administracións, liderar, coordinar e executar para asegurar unha mobilidade local segura. En todo caso, para a consecución de mellores ratios de seguridade viaria é imprescindible a cooperación de todas as administracións, non só nos seus niveis competencias senón favorecendo e facilitando un traballo permanente conxunto.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello, así como ao concello de Pobo de Trives e á Deputación de Ourense, a seguinte suxestión:

Establecer e axilizar mecanismos de cooperación co concello de Pobo de Trives e a Deputación de Ourense para mellorar a seguridade viaria nas vías obxecto desta queixa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo